

COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA


CONCURSO ARTÍSTICO POLA IGUALDADE 2018



CONVOCANTES

A Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (de aquí en adiante COPG), ten como función principal contribuir á corrección da discriminación que sofren as mulleres, proponendo unha serie de actuacións concretas que camiñen cara a igualdade real.

Unha desas actuacións consiste en convocar o concurso "Pola Igualdade" 2018, co obxectivo de concienciar o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) sobre a desigualdade existente entre mulleres e homes e promover a reflexión para lograr a igualdade neste ámbito.



PARTICIPANTES

O tema será a promoción da igualdade entre as mulleres e os homes en calquera dos ámbitos da vida: social, laboral, doméstico etc., e deberán incluír obrigatoriamente o texto “Pola igualdade”.

A técnica será libre.



OBRAS

As obras han de ser orixinais e inéditas e non ter sido premiadas noutros concursos nin publicadas en ningún medio, nin físico nin dixital.

Haberá 2 modalidades:

- **Carteis.** Presentarase en formato vertical cunhas dimensións de 50x70cm.

- **Fotografía.** Presentarase en formato vertical cunhas dimensións de 30x45cm.

Cada autor/a poderá presentar só unha obra a cada modalidade.



OBRAS

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do COPG, que adquirirá sobre estas o dereito pleno á súa utilización, reprodución e difusión.

As obras premiadas só poderán ser usadas polo COPG para promover a igualdade e combater a desigualdade por razóns de xénero.

O COPG queda facultado para introducir algunha modificación nas obras premiadas se existise algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto.



DOCUMENTACIÓN

As obras irán acompañadas dun arquivo dixital (pode ser unha foto de calidade) no que poder facer as modificacións necesarias.

En ningún caso poden levar nin o nome nin a sinatura.

As/os artistas poderán confeccionar as súas obras con liberdade técnica.



DOCUMENTACIÓN

Todas as obras irán acompañadas dos seguintes documentos:

*Ao dorso de cada obra figurará un **lema** ou **pseudónimo** que servirá para preservar a identidade da/o artista ata o fallo do xurado. Este lema ou pseudónimo aparecerá, en letras maiúsculas, **no exterior dun sobre pechado**, sen facer alusión ningunha que permita identificar ao autor/a.*


*Dentro do sobre pechado irán a **folla dos datos** da/s persoa/s participante/s, a **folla de aceptación das bases** e a **autorización de protección de datos de carácter persoal** que se adxunta ás presentes bases, debidamente cumprimentadas.*



PRAZO

O prazo de admisión das obras rematará o ***9 de novembro de 2018*** (incluído). Poderanse entregar ou enviar por correo postal a:

**Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
(Concurso Pola Igualdade 2018)
Rúa Espiñeira, 10-Baixo.
15706 Santiago de Compostela.**



XURADO

Corresponderá á Comisión de Xénero a elección das obras gañadoras, para o que poderá consultar cunha persoa experta en artes plásticas, que a propia Comisión escollerá.

O fallo difundirase na páxina web do COPG e comunicarse por teléfono ás persoas gañadoras.



PREMIOS

Haberá **dous premios por modalidade** (fotografía e cartel) según a categoría (alumnado de 1º e 2ª da ESO e de 3º e 4º da ESO):

Os premios para as persoas gañadoras na modalidade **fotografía** serán:


1º PREMIO (1º-2º ESO): cámara de fotos instantánea + diploma

1º PREMIO (3º-4º ESO): cámara de fotos instantánea + diploma

Os premios para as persoas gañadoras na modalidade de **cartel** serán:

1º PREMIO (1º-2º ESO): tablet gráfica + diploma

1º PREMIO (3º-4º ESO): tablet gráfica + diploma



PREMIOS

Tamén se establece un **PREMIO do COPG** ao **CENTRO EDUCATIVO**, polo seu compromiso pola igualdade e en recoñecemento pola súa implicación co fomento da mesma, a aquel centro desde o que se reciban máis propostas por parte do alumnado.



PREMIOS

O fallo da Comisión será inapelable e poderá ser declarado deserto se considera que ningunha das obras presentadas reúne a calidade suficiente.

As obras non premiadas deberán ser recollidas polos seus autores e autoras antes de final de 2018 na sede do COPG. As obras que non fosen retiradas polos interesados no prazo establecido pasarán á libre disposición do COPG.

A participación neste concurso implica de forma automática, a plena aceptación das presentes bases.



+ INFO

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

www.copgalicia.gal

copgalicia@copgalicia.gal

T. 981 534 049

CONCURSO ARTÍSTICO POLA IGUALDADE 2018 | COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA